



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A ASOCIACIÓN PURA RAZA CABALO GALEGO, PARA DOTAR DUN SEMENTAL DE PURA RAZA AO PARQUE DE O INVERNADERO

En Santiago de Compostela, 22 de abril de 2016

REÚNENSE

Dunha parte, _____, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia ao abeiro do Decreto 122/2015 de 4 de outubro, polo que foi nomeada titular deste departamento e en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, _____, actuando en nome e representación da Asociación Pura Raza Cabalo Galego, con NIF G36295335, _____, en función das atribucións que ten atribuídas como presidente nomeado pola Asamblea Xeral Extraordinaria celebrada o 14 de maio de 2014.

Ambas partes interveñintes recoñécense capacidade xurídica para subscribir o presente convenio e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- O parque natural do Invernadeiro abrangue unha superficie de 5.722 ha, e está constituído na súa totalidade polos montes do Invernadeiro, situados no termo municipal de Vilariño de Conso, na provincia de Ourense.

O Invernadeiro foi declarado parque natural polo Decreto 155/1997, do 5 de xuño, de acordo co establecido nos artigos 13 e concordantes da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais, e da flora e fauna silvestres.

Os montes do Invernadeiro conforman un lugar de grande importancia ecolóxica no ámbito da comunidade galega, tanto pola singularidade dos seus ecosistemas e hábitats como pola súa xeomorfoloxía e paisaxe, que é necesario protexer e preservar na salvagarda dos seus valores naturais.

Segundo.- Correspóndelle á Xunta de Galicia a propiedade e administración do Parque Natural O Invernadeiro.

Terceiro.- A Asociación Pura Raza Cabalo Galego ten entre os seus fins, estudar o comportamento da raza en liberdade en terreos do Monte.

Cuarto.- A colaboración entre a asociación Pura Raza Cabalo Galego e o Parque do Invernadeiro, pode ser unha das pezas clave para o mantemento do equilibrio ambiental no parque e para a conservación, fomento e difusión da única raza equina autóctona de Galicia, o cabalo de pura raza galega.

Os métodos de cría en extensivo dos cabalos e éguas de pura raza galega e a súa alimentación baseada na inxesta de masa arbustiva, contribúe a realizar unha importante labor de contención da maleza, axudando a preservar o equilibrio ambiental no parque e á prevención dos incendios forestais. Segundo un estudo da USC pódese cifrar en 21 Kg. diarios a inxesta animal/día, o que significa unha considerable cantidade de hectáreas de limpeza gratuíta fronte ó gasto de desbroce mecánico deses espazos.

En consecuencia e de conformidade con todo o anterior, considérase oportuno a formalización do presente convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego, de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego para a dotación dun semental de pura raza galega para a cabana sita no Parque Natural do Invernadeiro.

SEGUNDA.- Compromisos da Asociación Pura Raza Cabalo Galego.

A Asociación comprométense a ceder, a título gratuito e por un período de 5 anos, un semental de raza para o seu mantemento no Parque Natural de O Invernadeiro.

A Asociación comprométese ás desparasitacións, desinsectacións e traslado do animal dende o Centro de Razas Equinas de Galicia ao Parque do Invernadeiro.

A Asociación comprométese a facer unha análise biométrica das crías nadas do semental cedido.

TERCEIRA.- Compromisos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A Consellería comprométese á manutención e coidados sanitarios do semental que a Asociación Pura Raza Cabalo Galego cede, nas mesmas condicións que os cabalos propiedade do parque, así como á retirada do cadáver no suposto de morte do animal durante o período de cesión. A morte do animal deberá ser comunicada á Asociación para que poida tramitar a súa baixa no REGA. No suposto de falecemento por ataque de lobo, esta circunstancia deberá ser posta en coñecemento da Asociación para o estudo dos ataques á cabana cabalar autóctona.

A Consellería fará referencia a esta colaboración, e incluírá a imaxe corporativa da Asociación, na documentación publicada ou editada polo Parque, cando así se considere oportuno, e sempre e cando o contido das publicacións garde relación co obxecto deste convenio.

A Consellería asume o compromiso de subscribir, durante o período da cesión, un seguro para facer fronte a responsabilidade civil que poida derivar da tenza do animal no Parque Natural.

CUARTA.- Crías.

Se durante o período de cesión tivese lugar o nacemento de crías do semental cedido repartiranse as mesmas ao 50% entre a Asociación e o Parque, de tal xeito que a primeira das crías pasará a ser propiedade da Asociación, a segunda do Parque, e así sucesivamente. Sen embargo, no suposto de que o número de crías que corresponda ao Parque determine un aumento da poboación incompatible cos obxectivos deste, a Asociación asumirá a propiedade e retirada das crías.

QUINTA.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento da execución do presente convenio e para a solución das controversias que se puideran suscitar, constituirase unha comisión de seguimento integrada pola persoa titular da Dirección Xeral da Conservación da Natureza, ou persoa en quen delegue, e polo Coordinador Xeral da Asociación Pura Raza Cabalo Galego, ou persoa en quen delegue.



SEXTA.- Natureza e réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Conselleira de Medio Ambiente, e Ordenación do Territorio, quedando as partes suxeitas a xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente Convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

A Conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

O Presidente da Asociación Pura
Raza Cabalo Galego